

O CÓDIGO DE HAMMURABI

1752 a.n.e.

Cidade: Babilonia

Lingua: acadia

PRÓLOGO

P1 (I: 1-13)

Naquel tempo cando o excelso *Anum*¹⁰⁴, rei dos *Anunnakus*¹⁰⁵, e *Enlil*¹⁰⁶, señor dos ceos e da terra, quen fixa os destinos do Paí, decidiron que *Marduk*¹⁰⁷, o primoxénito de *Ea*¹⁰⁸, debería de ter o dominio divino como *Enlil* sobre todos os pobos do mundo;

104 *Anum*, representado aquí polo sumerograma AN, ten tamén o significado de ‘ceo’, ou máis correntemente ‘divindade’ en sentido xenérico. De feito, o seu sumerograma actúa tamén como determinativo para divindades.

105 Parece ser que inicialmente este nome, escrito tamén con sumerogramas ^dA-NUN-NA-KI, servía como denominación xenérica que abranguí a todos os deuses en xeral; mais posteriormente –como en realidade se contraponía aos *Igigu*– pasou a designar os deuses terrestres fronte aos deuses celestes (*Igigi*).

106 *Enlil*, en sumerio ‘Señor aire’ –atmosfera, ou calquera outro espazo entre o ceo e a terra–. Era o deus soberano do universo segundo o antigo sistema do panteón. A súa cidade residencial e da que era patrón era Nippur, na que dispoñía do seu principal templo o *É.kur* –lit. ‘Templo (da) Montaña’–, que ademais era un dos seus epítetos. (Cf. BOTTÉRO, J. (1987): 280 ss.)

107 Deus epónimo de Babilonia. Era en realidade o seu deus nacional. A mención máis antiga deste deus atópase aquí neste prólogo. O ascenso de Marduk a deus nacional chegou coa hexemonía de Babilonia baixo a dinastía de ʕammurabi.

108 Este é o momento no que Marduk se dispoñía a vencer a Tiamât cando os deuses lle dispensaron esta soberanía sobre todos os pobos. Na estela representado polo sumerograma EN.KI, lit. ‘señor do baseamento’; era considerado o deus do saber e da maxia, ademais era o señor do *Abzu*, é dicir ‘das augas doces’. En definitiva, a fundación de Babilonia que se vai relacionar con esta doazón preséntasenos como moi antiga e de carácter divino.

P2 (I: 14-26)

(e) entre os *Igigus*¹⁰⁹ o elevaron
(cando) a Babilonia lle concederon o seu sublime nome,
e a fixeron a máis poderosa entre as Catro Rexións¹¹⁰ do mundo,
(cando) lle (a Marduk) estableceron no seu interior unha
divina realeza,
cuxos baseamentos son tan enormemente seguros
coma os do ceo e mais os da terra.

P3 (I: 27-49)

(Foi) daquela cando a min, a 𐎶ammurabi, príncipe devoto,
temeroso dos deuses,
Anum e o divino *Enlil*,
para que eu amosase a Equidade¹¹¹ ao País,
para que eu destruíse o malvado e o inicuo,
para que o poderoso non oprima o feble,
para que eu, coma o divino *Šamaš*¹¹², me erguese sobre
os Cabezas Mouras¹¹³ e alumease a terra,

109 O sumerograma de *Igigu* significa ‘600’. Estes eran os deuses celestes –uránicos– en contraposición aos *Anunnaku*, que eran os deuses da terra, da auga e despois do inframundo. Semella que os *Igigu* “príncipes” eran orixinariamente representacións das estrelas visíbeis. Como deuses uránicos, acompañan a *Enlil* no acto de ascenso de Marduk, do que se farán aliados no combate que manterá con *Tiamat*.

110 Para os habitantes de Mesopotamia, a terra coñecida estaba dividida en catro cuadrantes ou rexións. Estas rexións eran denominadas cos nomes dos países situados nos catro puntos cardinais; ao norte estaba Acad, Elam estaba ao sur; ao oeste, Amurru e ao leste, Suburtu e Gutium. Deste xeito representábase a totalidade do mundo. Nesta liña a ideoloxía dominante durante a época de 𐎶ammurabi considera Babilonia o centro efectivo deste mundo. (Cf. J. SANMARTÍN e F. LARA PEINADO).

111 O termo acadio usado aquí é *mīsarum*, lit. ‘o ámbito do recto’, de aí que poidamos traducilo por ‘xustiza’ ou neste caso ‘equidade’. Seguimos a testemuña B (J. SANMARTÍN).

112 Esta é a divindade que aparece na estela entregando a lei a 𐎶ammurabi. Nun principio críase que era o deus que representaba o sol na mitoloxía mesopotámica, mais hoxe sabemos que se trata de Marduk.

113 Con este termo adóitase facer referencia á colectividade de persoas, a sumerios e acadios, é dicir á humanidade. A explicación do nome pode ter que ver coa perspectiva que debían de ter os deuses celestes, xa que eles ven os homes dende o

para que promovese o benestar das xentes,
impuxéronme o nome¹¹⁴:

P4 (I: 50-62)

𒀭ammurabi, o pastor elixido do divino *Enlil*, son eu,
o amoreador de abundancia e opulencia,
quen levou a bo remate todas as cousas (= que teñen nome¹¹⁵)
a prol de Nippur-DURANKI¹¹⁶,
(Son eu) o garda piadoso do É.KUR¹¹⁷,

P5 (I: 63-II: 12)

o rei eficiente que restaurou Eridu¹¹⁸ no seu lugar,
o que purificou o culto do É.ABZU¹¹⁹,
o Furacán guerreiro dos catro cantos da Terra,
o que engrandeceu o nome de Babilonia,
o que deleitou o corazón de Marduk, o seu señor;
o que acotfo se presenta ao servizo do Esagil¹²⁰.

alto e, dende esa posición, o que se ve son as súas cabezas mouras.

114 O feito de poñer nome nunha concepción semítica é de vital importancia, porque denota a existencia e a posesión. É dicir, Babilonia e 𒀭ammurabi comezan a súa existencia cando os deuses os nomean. Este é o mesmo ritual que podemos observar na Xénese Bíblica cando Iavé manda desfilar diante de Adán todos os animais do Paraíso e el os vai nomeando (*Cf. Xn 2, 19-20*).

115 É dicir “as que el fixo e que el posúe”.

116 O sumerograma significa ‘o lugar de unión do ceo e da terra’. Orixinariamente era o nome do Cigurat, é dicir, da torre disposta en chanzos do templo de Enlil en Nippur. Despois, por metonimia, este título tornouse nun dos epítetos da cidade de Nippur. (*Cf. DEIMEL, A., ŠL, II: n. 108, 16*).

117 Literalmente ‘casa da montaña’; este era o nome que se daba ao templo de Enlil na cidade de Nippur. Aquí aparece representado polo seu sumerograma.

118 Antiga cidade sumeria, a uns 11 km ao suroeste de Ur.

119 Nome sumerio do templo do deus Ea na cidade de Eridu.

120 É.SAG.ILA, nome sumerio que se lle daba ao templo de Marduk en Babilonia; lit. ‘a casa da que a súa cabeza emerxe’. Crese que o nome provén do cigurat, que era dunha altura considerábel. Con toda probabilidade a existencia deste cigurat e a súa fama puido influír no famoso relato bíblico da Torre de Babel (*Cf. Xen 11, 1-9*).

P6 (II: 13-21)

(Son) Semente de realenza, que o deus EN.ZU¹²¹ (= Sin) xerou, o que amou riquezas para a cidade de *Ur*¹²², piadoso, submisivo, quen carrexou abundancia para o *Ekišnugal*¹²³.

P7 (II: 22-31)

(Son eu) Soberano sabio, que obedece o deus UTU (=Šamaš), o poderoso que fortaleceu os baseamentos de (cidade) Sippar, o que revestiu de verdor a capela nupcial da deusa *Aia*¹²⁴, o que fixo do *Ebabbar* un templo excelso, que (é) coma a morada dos ceos;

P8 (II: 32-54)

(Son) Un heroe compasivo coa (cidade) de *Larsa*, O que renovou o *Ebabbar* para o divino Šamaš, o seu valedor; señor que revitalizou a cidade de *Uruk*, e abasteceu das augas de riqueza, para as súas xentes, o que ergueu o cume do *E'anna*, quen amou abundancia para (o divino) *Anum* e a divina *Ištar*; protector do País, quen xuntou de novo as xentes cisgadas de *Isin*; o que ateigou de abundancia o templo É.GÁL.MAḪ.

P9 (II: 55-67)

(Son) o ‘dragón’ dos reis, irmán predilecto de *Zababa*, quen asentou solidamente o solio da cidade de *Kiš*, quen cercou dunha aureola relucente o É.ME.TE.UR.SAG,

121 EN.ZU, lit. ‘o que ninguén pode albiscar’, equivalente sumerio do deus semita *Sîn*, denominado tamén polo seu nome sumerio *Nannar*, era un deus lunar, en definitiva, deus dos días, dos meses e dos anos. Foi venerado en Ur no *Ekišnugal*. Na teoloxía babilonia Anum, Enlil (Bel) e Enki (Ea) conformaban a primeira tríade divina; Enzu (Sîn), Šamaš e Adad, a segunda.

122 Cidade situada entre Bagdad e o golfo pérsico, uns 18 km ao oeste do curso actual do Éufrates. O nome actual é Tell Muqayyar.

123 É.KIŠ.NU.GAL era o nome do templo dedicado ao deus-lúa Sîn en Ur. O termo sumerio significa ‘casa que reborda luz’.

124 *Aia* (escr. A-A na estela) é a deusa consorte de Šamaš. Os seus fillos eran *Kettum* e *Mešarum*, é dicir, a *Xustiza* e mais o *Dereito*.

quen executa con éxito os grandes rituais da deusa NINNI (=Ištar),
 quen coida do templo 𒄩UR.SAG.KALAM.MA¹²⁵;

P10 (II: 68-III: 12)

(Son) a rede¹²⁶ que fai acachoupar os inimigos,
 a quen *Erra*, o seu aliado, lle concedeu acadar as súas arelas.
 (son) quen enalteceu a cidade de *Kutû*, e quen acrecentou *todo o referente a Meslam*¹²⁷;
 (son) o Búfalo Indomeábel que escorna os inimigos,
 favorito de *Tutu*¹²⁸ e quen carrega ledicia á cidade de *Borsippa*¹²⁹,

P11 (III: 13-23)

(son) o piadoso que non descoida os seus deberes para co *Ezida*;
 Deus dos reis, quen posúe a sabedoría,
 quen acrecenta as terras de labor de *Dilbat*¹³⁰,
 quen atega os celeiros de *Uraš*¹³¹ o poderoso;

P12 (III: 24-35)

(son) O señor que ten como ornamentos o cetro e mais a coroa,
 a quen a sabia deusa *Mamma*¹³² fixo perfecto,

125 Lit. ‘montaña do país’. Era o templo da deusa *Innana* en *Kiš*. Neste caso *Innana* era considerada esposa de *Zababa*.

126 O termo *sapārum*, traducido aquí polo xenérico ‘rede’, era unha arma bélica utilizada polos sumerios e que servía para rodear e envolver os inimigos (Cf. AHw, II: 1026; CAD, ‘S’: 161s).

127 *Meslam* era o nome do templo de Erra e Nergal en Kutha. Erra era o deus da peste e da guerra. Erra era moitas veces identificado con Nergal.

128 Un dos epítetos atribuído a Marduk. Porén, neste caso é atribuído tamén a Nabû, quen era fillo de Marduk.

129 Esta cidade ficaba ao sur de Babilonia. Aquí estaba o sonado santuario dedicado ao deus Nabû, É.ZI.DA.

130 Dilbat, correspóndese coa actual Dulaim, situada ao sur de Borsippa (Cf. RIA V: 571 ss).

131 Este era o deus principal da cidade de Dilbat.

132 En sumerio NIN.TU, ‘Deusa-Nai’ ou ‘soberana dos deuses’. Dende un principio aparece como elemento feminino na tríade primitiva, a carón de Anum e Enlil.

quen traza os planos de Keš¹³³,
 quen proporciona alimentos puros para a deusa *Nintu*;

P13 (III: 36-54)

(son) O asinado, o perfecto,
 o que procurou pasteiros e mananciais de auga para Lagaš e
 Girsu¹³⁴,
 o que enviou imponentes ofrendas de alimentos a *Enninu*¹³⁵,
 aquel que encadea os inimigos;
 o predilecto de *Telitum*¹³⁶, que cumpre os oráculos de *Sugal*¹³⁷,
 o que enche de ledicia o corazón de *Ištar*.

P14 (III: 55-64)

(son) O príncipe puro, de quen Adad coñece a súa pregaría,
 o que acouga o corazón de Adad, o guerreiro na (vila de)
*Karkara*¹³⁸,
 o que non deixa de *fornecer de todo o preciso* ao É.UD.GAL.
 GAL¹³⁹,

Esta deusa foi venerada profusamente en toda a Mesopotamia baixo nomes distintos e en lugares diferentes. Como *Mamma* ou *Nintu* era a deusa do nacemento ou do parto; como *Araru* representaba a nai dos reis; como *Ninḫursagga* era considerada a nai dos deuses. Aparece referenciada no *Mito de Atrahasis*, quen despois do Diluvio volve recrear o home, modelándoo despois de mesturar barro con sangue dun deus (Cf. A creación do home por Iavé na versión hebrea en *Xén.* 2, 20-28). Semella que o seu nome é onomatopeico e estaría relacionado co son que se produce cando unha nai dá de mamar ao seu fillo (Cf. M. Krebernik (1995) “Muttermötin”, RIA, 8, 5/6: 502-507).

133 Cidade que aínda non foi localizada. Algúns coidan que estaba situada no actual Tell Ḥamman, ao oeste de Lagaš, Babilonia central. Outros sitúana ao nordeste de Nippur; neste caso identificaríana coas actuais Tell Gidr ou Abu Salabiḥ. Nesta cidade recibiu culto a deusa-nai *Mamma*.

134 É unha localidade da cidade-estado de Lagaš. Foi preeminente entre o 2500 e o 2100 a.n.e.

135 É.NIN.NU, é o templo de Ningirsu, deus principal de Lagaš.

136 Este era un dos epítetos da deusa *Ištar*. O seu significado é ‘a dama capaz’.

137 Nunha tabela duplicada do código no Louvre.

138 Era unha cidade de Babilonia meridional preto de Ur, mais a súa localización exacta non a coñecemos (Cf. RIA V, 64).

139 Nome do templo de Adad en Karkara.